

# PRESTACIÓNS POR DESEMPREGO.


A forte crise que azota Galicia desde o ano 2007 está deixando miles de traballadores sen os seus postos de traballo, este feito ten unhas reperkusións claras, como non podía ser menos, nas persoas que perciben algún tipo de prestación por desemprego.

Durante a última década, e ata o ano 2008, o número de perceptores mantívose con escasas variacións, en torno ás 70.000 persoas, pero nestes dous últimos ano o incremento foi exponencial mes a mes, ata rematar 2009 con 152.828 desempregados ou desempregadas recibindo algún tipo de prestación.

Evolución dos perceptores de prestacións por desemprego. Decembro de cada ano.

	2006	2007	2008	2009
Prestación	46.255	47.211	73.936	83.400
Subsidio	30.195	31.553	37.125	62.603
RAI <sup>1</sup>	4.872	5.223	5.438	6.825
Total	81.322	83.987	116.499	152.828

Fonte: elaboración propia a partir dos datos do SEPE.



Os perceptores da Renda activa de inserción, mantéñense máis a marxe das vicisitudes do mercado que os que perciben a prestación contributiva ou o subsidio.

Se ben durante 2008, os maiores aumentos rexistráronse entre os perceptores da prestación contributiva, un 56,6%; ó longo de 2009, estes aumentaron un

<sup>1</sup> Renda Activa de Inserción.

12,8%, mentres que os perceptores de subsidio medraron un 65,9% no último ano fronte o medre dun 17,7% no ano anterior.

A evolución é normal, nun primeiro momento os desempregados están cubertos pola prestación contributiva, pero a medida que pasa o tempo e se vai esgotando este período pasan a cobrar o subsidio. Si a isto lle engadimos que a mediados de 2009 se aprobou un subsidio "extra" de 420 euros para os parados que esgotaran a prestación por desemprego e non teñan dereito a subsidio ou ben que esgotaran o propio subsidio; fai que durante 2009 se incremente fortemente o número de perceptores do subsidio.

Do total de perceptores do subsidio, en torno ós 17.000 perciben o subsidio para maiores de 52 anos.

A finais de 2008, o 88,6% dos perceptores de algúun tipo de prestación en Galicia cobraban a contributiva, no ano 2009 esta proporción baixou ó 54,9%; de feito é das comunidades con menor peso das prestacións contributivas entre os perceptores.

Perceptores de prestacións por desemprego no estado español.

	Prestación contributiva	Subsidio	RAI <sup>2</sup>	Total	% Contrib.	Cuantía media da P. Contrib.
Total	1.636.489	1.126.990	105.833	2.869.312	57,0	841,2
Andalucía	273.175	290.529	39.532	603.236	45,3	814,0
Aragón	44.168	23.252	1.233	68.653	64,3	858,3
Asturias	29.220	24.304	1.634	55.158	53,0	857,9
Illes Balears	60.218	40.122	1.047	101.387	59,4	880,8
Canarias	83.556	87.171	11.059	181.786	46,0	754,9
Cantabria	18.185	10.743	994	29.922	60,8	843,4
Castela A Mancha	73.590	51.165	4.285	129.040	57,0	817,8
Castela e León	69.846	40.039	4.563	114.448	61,0	806,3
Cataluña	306.941	170.595	5.857	483.393	63,5	897,2
C. Valenciana	198.074	120.474	12.603	331.151	59,8	815,6
Estremadura	35.054	38.420	6.213	79.687	44,0	723,3
Galicia	83.400	61.603	6.825	151.828	54,9	799,7
Madrid	221.636	93.713	4.951	320.300	69,2	867,9
Murcia	52.508	30.264	3.041	85.813	61,2	787,6
Navarra	19.873	11.341	448	31.662	62,8	942,0
Pais vasco	56.556	27.802	1.272	85.630	66,0	931,9
A Rioxa	10.489	5.453	276	16.218	64,7	875,3

Fonte: elaboración propia a partir dos datos do SEPE.

<sup>2</sup> Renda Activa de Inserción.

É difícil concluir a que se debe este forte diferencial entre a proporción de perceptores da pensión contributiva en Galicia e no resto das comunidades autónomas cando aquí comezou máis tarde a destrución de postos de traballo e polo tanto a medrar o desemprego. A menor duración dos contratos temporais xunto a unha maior rotación no emprego poden ser algunas das explicacións deste feito.

Galicia non só é a cuarta comunidade con menor proporción de prestacións contributivas, senón tamén cun menor importe medio de ditas pensión; tan so os parados e paradas de Estremadura, Murcia e Canarias perciban unha prestación de cuantía inferior á media en Galicia.

A taxa de cobertura dos desempregados é quizá o más importante que podemos extraer dos datos anteriores.

## **Taxa de cobertura.**

Antes de adentrarnos na avaliación do taxa de cobertura, e conveniente aclarar certos aspectos metodolóxicos, que teñen que ver tanto coa definición de desempregado como cos fórmula de calcular a taxa de cobertura.

No que atinxe a medición de paro rexistrado hai determinados colectivos perceptores de prestacións, ó marxe doutras exclusións, que non son considerados parados, como son: demandantes perceptores de desemprego que participan en traballos de Colaboración social e, demandantes que en virtude dun expediente de regulación de emprego, están en situación de suspensión ou reducción de xornada. Tampouco se consideran parados os fixos descontinuos, aínda que nese momento estean en situación de parados.

Este feito, que nunha situación normal ten unha incidencia relativamente pequena, nunha situación de crise onde hai miles de traballadores afectados por EREs de suspensión, modifica sustancialmente os valores da taxa de cobertura, e como non, maquilla sobremanera os resultados.

Por outro lado, modificouse a fórmula de cálculo da taxa de cobertura, o novo indicador responde a seguinte fórmula: total de beneficiarios de prestacións dividido por parados rexistrados con experiencia laboral + beneficiarios de subsidios eventuais agrarios (sen esquecer as propias limitación metodolóxicas na definición de parados).

Ante o de agora era o cociente entre o número de beneficiarios de prestacións (excluíndo desemprego parcial e prestacións e subsidios de traballadores agrarios) e os parados rexistrados.

Agora inclúense tódolos perceptores de prestacións e por outro lado exclúense dos parados, os que non teñen experiencia, é dicir, os sen emprego anterior.

Se aumentamos o numerador o reducimos o denominador o resultado aumenta, a así, nunha época como a que estamos vivido conseguimos por arte de maxia incrementar as taxas de cobertura dos parados.

Así as cousas, o Ministerio de traballo estima que o sistema de cobertura de protección por desemprego durante o mes de decembro, na media estatal foi do 80%, ou o que é o mesmo, o 80% dos parados estaban recibindo algún tipo de prestación.

Se incluímos a tódolos parados (aínda excluíndo os de EREs e colaboradores sociais e fixos discontinuos), os datos son os seguintes.

Parados, perceptores e taxa de cobertura.

	Parados	Perceptores de prestacións	Taxa de cobertura
<b>Total</b>	3.906.890	2.869.312	73,4
<b>Andalucía</b>	851.493	603.236	70,8
<b>Aragón</b>	87.623	68.653	78,4
<b>Asturias</b>	75.837	55.158	72,7
<b>Illes Balears</b>	91.098	101.387	111,3
<b>Canarias</b>	248.783	181.786	73,1
<b>Cantabria</b>	42.294	29.922	70,7
<b>Castela A Mancha</b>	188.150	129.040	68,6
<b>Castela e León</b>	182.030	114.448	62,9
<b>Cataluña</b>	561.761	483.393	86,0
<b>C. Valenciana</b>	477.847	331.151	69,3
<b>Estremadura</b>	112.320	79.687	70,9
<b>Galicia</b>	<b>222.839</b>	<b>151.828</b>	<b>68,1</b>
<b>Madrid</b>	451.929	320.300	70,9
<b>Murcia</b>	122.285	85.813	70,2
<b>Navarra</b>	40.653	31.662	77,9
<b>Pais vasco</b>	128.201	85.630	66,8
<b>A Rioxá</b>	21.747	16.218	74,6

Fonte: elaboración propia a partir dos datos do SEPE.

Así a taxa de cobertura para a media estatal acada ó 73,4% dos parados; no caso de Galicia descende ata o 68,1%, 5,3 puntos inferior.

Aínda que non podemos facer cálculos más exactos, o que si podemos aseverar que esas taxas están moi infladas, proba disto é o que ocorre nas Illas Balears, onde os perceptores de prestacións superan os parados rexistrados.

Natividad López Gromaz  
Gabinete técnico Confederal.